



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MGM

Expte. núm. 2024/C005/000005

Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello das Pontes de García Rodríguez

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de data 31/07/2024, acadou, entre outros, o seguinte acordo:

1º.- APROBAR O EXPEDIENTE DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN, POR LOTES, DE DOUS VEHÍCULOS NOVOS CON DISTINTIVO AMBIENTAL CERO EMISIÓN OU ECO PARA O CONCELLO DAS PONTES DE GARCIA RODRÍGUEZ” (FCA 2024).

O presidente da sesión deu conta do expediente que se tramitou para a licitación do servizo “Subministración, por lotes, de dous vehículos novos con distintivo ambiental cero emisións ou ECO para o concello das Pontes de García Rodríguez (FCA2024).

O expediente ten a referencia 2024/C005/000005, os antecedentes son os seguintes:

- O día 07/06/2024 (RE núm. 202400000002453), comunicase ao concello o outorgamento dunha subvención para o proxecto denominado FCA As Pontes 2024: restauración do espazo natural no entorno do lago, instalación de bombas de augas residuais, adquisición de vehículos eco e accesorios retro pala”, ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, publicada no DOG núm. 17, con data mércores 24 de xaneiro de 2024.
- A efecto da licitación da subministración de dous vehículos novos con distintivo ambiental cero emisión ou eco para o concello das Pontes de García Rodríguez, elaborouse un prego de prescricións técnicas en data xullo de 2024. O prego asinouuse o día 23/07/2024. A CPV principal do contrato é 34144700-5 Vehículos utilitarios.
- A secretaria municipal emite informe xurídico o día 23/07/2024, favorable á aprobación do expediente.
- O informe favorable de Intervención, núm. 301, é de data 23/07/2024

A Xunta de Goberno Local, á vista dos antecedentes citados e do disposto nos artigos 28, 117.1, 135, e 156 da Lei 9/2017, do 09 de novembro, de contratos do sector público; nos artigos 184 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentados; e na D.Ad.IIª, número 1, da LCSP, que recolle o réxime de competencias na contratación local; e do decreto da Alcaldía número 1528/2023, do 05 de xullo, de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, dos membros presentes:

- 1º) Aprobar o expediente de licitación mediante procedemento aberto, tramitación simplificada, do contrato de “Subministración, por lotes, de dous vehículos novos con distintivo cero emisións ou ECO para o concello das Pontes de García Rodríguez”(FCA 2024).
- 2º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MGM

Expte. núm. 2024/C005/0000005

3º) Autorizar un crédito por importe de 87 823,40 € con cargo á aplicación orzamentaria 1721.62400.

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe da concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación.

A concelleira-delegada (V.e Pr.)

Mª Tania Pardo Cabarcos